

IES OTERO PEDRAIO **(OURENSE)**

CURSO:2023-2024
PROGRAMACIÓN

PROXECTO DE VIDA ACTIVA E DEPORTIVA

"O SITIO DO MEU RECREO"

COORDINADOR:

Iglesias Rodríguez Eduardo

MEMBROS DO PDC:

Iglesias Rodríguez Eduardo

Fernández Valencia Pablo

Cid Corbillón Anxo

Olga Quintana Devesa



TÍTULO:

“O SITIO DO MEU RECREO”

INTRODUCCIÓN:

“O sitio do meu recreo”, é o sitio físico, pero tamén mental, onde queremos que os nosos alumnos-as ocupen o seu tempo de lecer ,de recreo..

Para iso, o departamento de E.F, propón un proxecto deportivo , cuxo obxectivo fundamental é dar continuidade ao traballo desenvolto nas aulas nas sesións de Educación Física, onde o nº de horas semanais non permite alcanzar os obxectivos desexables.

Teríamos as seguintes liñas básicas de actuación:

1. Competicións nos recreos, dos deportes que en cada trimestre estanse a facer no aula, (voleibol, bádminton, baloncesto, tenis de mesa...).

2. Participación no programa XOGADE

3. Outras Actividades,MAGOSTO(xogos populares),CARREIRA SAN MARTIÑO,CONCURSO COREOGRAFIAS (ENTROIDO),OBRADOIROS (primeiros auxilios....)CURSO ESQUI ALPINO,CARREIRAS ORIENTACIÓN,ACTIVIDADES MEDIO ACUÁTICO.....

Este traballo sería desenvolto polos compoñentes do departamento de E.F e a colaboración do departamento de GALEGO, que nos axudaría con traballo no aula para facer cartelería,publicidade, concursos relacionados coa actividade.

As actividades irían dirixidas o alumnado dos cursos(1º a 4º ESO)

O proxecto deportivo de centro queremos que sexa un instrumento dinámico e con proxección de futuro que garanta que todas as actividades físicas que se realicen nas instalacións do centro e fóra do horario escolar, teñan un carácter eminentemente educativo, acorde cos valores fundamentais e do tipo de persoa que se quere formar no centro, tentaremos promocionar diferentes actividades físico-deportivas como un medio de lecer,recreación e desenvolvemento persoal cunha intencionalidad educativa integral, facilitando a participación do maior número de alumnos.

OBXECTIVOS:

- Dar continuidade ao traballo realizado nas sesións de educación física
- Promover e favorecer a actividade física e o deporte fora do horario lectivo a través da práctica dunha ampla variedade de actividades físicas e deportes.
- Utilizar o deporte como un medio educativo que contribúe á formación integral do individuo.

- Ten que ter un carácter aberto: facilitar a máxima participación.

- Ademais de traballar as habilidades motrices ten que ter outras intencións: socialización, saúde, ocupación constructiva do tempo de lecer, calidade de vida, recreación.

- Que a formulación non se base só no resultado deportivo da actividade.

- Combater o abandono e o sedentarismo.

- Establecer un itinerario que garanta a continuidade da práctica deportiva.

- Promover e fomentar entre os nosos alumnos/as accións de voluntariado.

ORGANIZACIÓN ,DESENVOLVEMENTO,METODOLOXIA:

Espazo físico:

- Cancha polideportiva interior: delimitados campos fut.sala,baloncesto,balonman, voleibol, bádminton.
- Cancha polideportiva exterior:fútbol-sala,voleibol,baloncesto
- Ximnasio,anexo o polideportivo: mesas de pin-pon,aparato musical,espello.
- Patio de recreo pechado, no edificio do instituto: mesas de pin-pon

Organización(recursos humans):

Eduardo Iglesias Rodriguez (profesor E.F)/Coordinador

Pablo Fernández Valencia(profesor E.F)

Cid Corbillón Anxo (profesor E.F)

Olga Quintana Devesa (profesora GALEGO)

Organización(desenvolvemento):

ÁMBITO TEMPORAL 1: FÓRA DO CENTRO E FÓRA DO HORARIO LECTIVO.

Participación no programa XOGADE .

Outras Actividades:

CARREIRA SAN MARTIÑO,CURSO ESQUI ALPINO,ACTIVIDADES ACUÁTICAS

ÁMBITO TEMPORAL 2: DENTRO DO CENTRO E DENTRO DO HORARIO LECTIVO.

Competición aulas:

1º trimestre: Bádminton

Tenis de mesa

2º trimestre: Voleibol

Actividades expresivas e musicais.

3º trimestre: Baloncesto

Tenis de mesa

Outras Actividades,

MAGOSTO(xogos populares) CONCURSO COREOGRAFIAS(entroido) OBRADOIROS (primeiros auxilios....)

Metodoloxía:

Traballo en equipo: Distribuiremos os recreos entre todos os profesores, para levar a cabo todo o traballo programado

Voluntariado: Colaboración puntual da comunidade educativa (alumnos/as/profes, pais/nais...).

Deportividade: As competicións xogaranse sen árbitros (habrá mediación do profesor responsable en caso de conflito e desacordo), tentando fomentar o xogo limpo.

Organización: Horarios, encontros, orde de xogo, exposto en taboeiros e BLOG de E.F

AVALIACIÓN:

Memoria final: Detallarase todo o traballo realizado durante o curso (participantes, xornadas, horarios, fotos, premios, participación programa xogade...). Todo será exposto en tempo real dos acontecementos no BLOG de E.F (iesoteropedrayoef.wordpress.com)